

Asalo - Mens - Malpica de Bergantiños, 1980-03
Informantes: Asunción (75), Manuela (69) e Teresa (56)
Compiladora: Dorothé Schubarth
Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

A filla de Andrés
eu vin' ònha vez
baixando d' Esteiro
cun traxe de bro
plumach' e sombreiro.

Inda onte fun á casa dela
e alumbrando viña cun candil
e cheiraba a cebola rustrida
e viña de lorchos e máis de mandil.

O quer que lle quer
o quer que lle quer
o quer que lle quer
que lle fagh' ònha nena.

O quer que lle quer
o quer que lle quer
o quer que lle quer
que lle axude a mantela.

¡Ai Xesús que demo de vella!
que metido na cabeza ten,
que, despois que lle fixen a nena
quer que lle fagh' òn neno tamén.

O quer que lle quer
o quer que lle quer
o quer que lle quer
que lle fagh' òn refaixo.

O quer que lle quer
o quer que lle quer
o quer que lle quer
que llo vista por baixo.

¡Ai Xesús que demo de vella!
que metido na cabeza ten,
que, despois que lle fixo o refaixo,
quer que lle quer que llo vista tamén.



O quer que lle quer
o quer que lle quer
o quer que lle quer
que lle fagh' ònhas zocas.

O quer que lle quer
o quer que lle quer
o quer que lle quer
que llas encha de bochas.

¡Ai Xesús que demo de vella!
que metido na cabeza ten,
que, despois que lle fixen as zocas,
quer que lle quer que llas calce tamén.

La, la, la...

O ferreiro ten a sarna
e a muller o xarampón.
os fillos ten a morriña,
¡ai Jesús qué perdición!

Continúan coplas con pandeiretas